

Lévanse as **distopías**, esas representacións dun futuro alienado e hostil que invitan a mirar o presente como un eslabón doloroso entre un pasado ficticio pleno de felicidade e o porvir fatal. Esa reinvencción do vivido, que se filtra nas formas narrativas, invade tamén a esfera política, onde a nostalgia se converteu nun reclamo para o voto dos infelices. Parecen dicirle á xente: nós fabricamos a máquina do tempo e ímoste devolver ao lugar que mereces. E non, a madurez consiste nin máis nin menos ca na aceptación do tempo que che toca vivir.

Imaxinen que o contaxio do coronavirus se estende por Europa de xeito incontrolado mentres que no continente africano, polas condicións climáticas, non ten incidencia. Aterradas, as familias europeas escaparían da enfermidade de xeito histórica, camiño da fronteira africana. Tratarían de cruzar o mar polo Estreito, lanzaríanse en embarcacións precarias desde as illas gregas e a costa turca. Perseguidos pola sombra dunha nova peste mortal tratarían de poñerse a salvo, presionados pola necesidade. Pero ao chegar á costa africana, os mesmos muros que eles levantaron, os mesmos controis violentos e as fronteiras máis **inexpugnables** invertirían o poder de freo. As forzas da orde norteafricanas dispararían contra os occidentais sen piedade, berraríanlles: vai para a túa casa, déixanos en paz, non queremos a túa enfermidade, a túa miseria, a túa necesidade. Se os guionistas quixesen extremar a crueldade, permitirían que algúns europeos, guiados polas mafias **extorsionadoras**, alcanzasen destinos africanos, e alí encerraríanos en corentenas **inhóspitas**, onde serían desposuídos das súas pertenzas, dos seus afectos, da súa dignidade.

A isto chámase a traxedia revertida e consiste sinxelamente en tratar de poñerte nos zapatos do outro, do que sofre, do que foxe, dos que non teñen nada porque as guerras e a miseria arrebatáronlles o lugar onde creceron. Todo o mundo sabe que a crise sanitaria europea non ten relación directa co drama migratorio, e con todo, o estado de ánimo dos europeos si relaciona ambas cousas. Por iso, toleramos a man dura e a degradación dos valores humanos na crise de refuxiados da fronteira greco-turca. A privatización do control migratorio, consumada coa entrega de millóns de euros para que Turquía exerza de muro previo, volveuse na nosa contra. Somos reféns dunha mafia que nos pide máis diñeiro e nos chantaxea con enviarnos as masas fementas en plena crise de contención e autocontrol de movementos. Do mesmo xeito, mentres se loita de xeito esforzado e coherente desde os servizos públicos de saúde por frear o contaxio, a privatización de hospitais, laboratorios e hixiene sanitaria evidencia o erro de vulto nos nosos cálculos sobre o que significa o concepto de saúde pública. Por agora, no canto de comprender a verdade dos nosos erros, empuxamos o lixo baixo a alfombra.

**David Trueba, El País**

1. Ponlle un título que lle acaia ben ao texto
2. Resume o texto
3. Enumera as ideas principais que aparecen no texto
4. Define o vocabulario sinalado en negra
5. Explica as expresións subliñadas
6. Di a túa opinión sobre as ideas expresadas no texto centrándote nos aspectos de solidariedade empatía